

Narra tamén o encontro do hobbit “Frodo” con “Galadriel” nun allegretto a través do cal nos mostra as visións de Frodo no espello da Dama.

3. “GOLLUM” (Sméagol)

O terceiro movement describe á monstruosa criatura ?Gollum?, un asqueroso e tímido ser que está continuamente fuxindo e buscando de forma enfermiza o seu tesouro: o anel. Unhas veces é compasivo outras malicioso; fala só, sisea, balbucea, gimotea, chora, ri? todo iso representado polo saxofón soprano.

4. “JOURNEY IN THE: DARK”

O cuarto movement describe a viaxe da “Comunidade do Anel”, encabezada polo mago Gandalf, a través dos escuros túneles das “Minas de Moria”.

A cadencia lenta do andar e o medo dos protagonistas son claramente identificables no ritmo monótono dos metais graves, o piano e a percusión, cunha melodía que vai collendo forza coa entrada das madeiras a medida que se fai plausible a entrada nas profundidades da mina dos ananos.

Despois dunha persecución dos orcos, foxen e Gandalf loita contra o demo das profundidades: o Balrog. Esta loita está descrita por escalas ascendentes e descendentes da madeira aguda, onde senten os movementos do látigo do Barlog . Un fortísimo prosegue a esas escalas e é cando Gandalf cae. Cunha melancólica marcha fúnebre, os desconcertados compañeiros marchan, buscando a única saída das Minas, a “Porta Este de Moria”

5. “HOBBITS”

Comeza cunha entrada que nos lembra a Gandalf seguida dun himno que representa a vitalidade e alegría dos Hobbits. Tras ela, unha feliz danza popular que nos traslada ao mundo de “Os Medianos”

No final da obra, os protagonistas viaxan cara a “Os Portos Grises” onde Frodo e Gandalf embarcan nun navío branco que desaparece lentamente máis aló do horizonte...



VINDEIROS CONCERTOS DA BMMC

Xoves 16 de novembro
Teatro Rosalía de Castro
20.00 h

Domingo 26 de novembro
Palacio da Ópera
12.15 h

Domingo 14 de decembro
Palacio da Ópera
12.15 h

Xoves 21 de decembro
Teatro Rosalía de Castro
20.00 h

CONCERTO
COMEZO DE TEMPADA

PALACIO DA ÓPERA
29 de outubro de 2017
12.15 h

DIRECTOR:
JUAN JOSÉ OCÓN ARZA



Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitalo en banda@coruna.es



Programa

American Suite (1846)

Antonín Dvorák

(Nelahozeves, Praga 1841 - Praga, 1904)

1. Andante con moto

2. Moderato (Alla Polacca)

3. Finale Allegro

Sinfonía nº 1 “O Señor dos aneis”

Johan de Meij

(Holanda, Voorburh - 1953 --)

1. “Gandalf” (o mago)

2. “Lothlórien” (O Bosque encantado)

3. “Gollum” (Sméagol)

4. “Journey in the: Dark”

5. “Hobbits”

American Suite

Antonín Dvorák

(Nelahozeves, Praga 1841 - Praga, 1904)

Considerado un dos grandes compositores da segunda metade do século XIX, soubo extraer as esenciais da música da súa terra natal.

Pasou unha etapa da súa vida en Estados Unidos onde dirixiu o conservatorio de Nueva York. Ó longo desa época compuxo obras tan coñecidas como a “Sinfonía do Novo Mundo”, o seu concerto de violoncello e o coñecido Cuarteto de corda Nº 12 “Americano”. Desta época é tamén esta obra, que Dvorák escribiu inicialmente para piano (Suite Op.98) e que posteriormente arranxou para orquestra, denominandoa “Suite Americana”.

Do mesmo xeito que na súa “Sinfonía do Novo Mundo” e no seu “Cuarteto Americano”, hai influencias norteamericanas que se atopan en “American Suite”: o uso frecuente da pentatónica (que significa utilizando só cinco tons diferentes) e o uso de ritmos sincopados. O arranxo desta obra para banda de vento de Johan De Meij comprende 3 dos 5 movementos orixinais:

1. Andante con moto

2. Moderato (Alla Polacca)

3. Finale Allegro

Sinfonía nº 1 “O Señor dos Aneis”

Johan de Meij

(Holanda, Voorburh - 1953 --)

Este holandés, virtuoso trombonista na Banda Sinfónica de Amsterdam, na orquestra de Volharding e no Cuarteto de Trombóns de Amsterdam, comparte a interpretación coa composición e a dirección por todo o mundo.

SINFONÍA Nº 1, “O SEÑOR DOS ANEIS”

Con “O señor dos aneis”, Johan de Meij obtivo entre outros, o primeiro premio do Concurso Internacional de Composición de Bandas en 1989 en Sudler, Chicago.

Esta obra baséase na triloxía dese nome de J.R.R. Tolkien que tanto fascinou a millóns de lectores desde a súa publicación en 1955. Nesta triloxía o tema central é o Anel, feito por forzas primarias que deciden a seguridade ou a destrución do Mundo. Durante anos foi a posesión da criatura “Gollum”, pero cando cae en mans dos Hobbits as forzas malvadas espertan e comeza unha loita para facerse con el.

Para salvar ao mundo do desastre, o Anel debe ser destruído polo lume no que foi forxado no Monte Doom no corazón de Mordor, o país do malvado Lord Sauron.

É o Hobbit Frodo o que está asignado para levar a cabo esta tarefa e para axudarlle, fórmase a “Comunidade do Anel” baixo o liderado de Gandalf, o mago, os Hobbits Sam, Peregrin e Merin, o Anano Gimli, o Elfo Legolas, Boromir e Aragón, que posteriormente foi rei.

Os compañeiros son seguidos secretamente por Gollum para recuperar o seu inestimable anel. Despois de moitas aventuras Frodo e Sam volven ao seu querido “The Shire”.

A sinfonía consta de cinco movementos separados, que ilustran personaxes ou aventuras desta novela.

1. “GANDALF” (o mago)

É un retrato musical do mago “Gandalf”, un dos personaxes principais da triloxía. A súa personalidade sabia e nobre é expresada por un motivo musical majestoso cargado de misticismo e simbolismo. A apertura repentina do Allegro vivace representa a imprevisibilidade do mago gris, seguido por un galope sobre o seu fermoso cabalo “Sombra-gris” pola Terra Media.

Termina cun fortísimo que contrasta co comezo en piano do seguinte número, Lothlórien (o bosque encantado).

2. “LOTHLÓRIEN” (O Bosque encantado)

O segundo movemento comeza cun só de clarinete que nos transporta ao mundo dos Elfos dos bosques. As súas fermosas árbores, as súas plantas e os seus paxaros exóticos son representados por trinos e arpegios das madeiras.